

## MARCO

### CELEBRACIÓN 12º ANIVERSARIO

Venres 14, sábado 15 e domingo 16 de novembro de 2014

ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA



O 13 de novembro o MARCO cumpre doce anos dende a súa inauguración en 2002, e ofrece unha programación específica para esta fin de semana (venres 14, sábado 15 e domingo 16), con ampliación de horarios e actividades para distintos públicos: Maratón ArtFutura, talleres infantís, visitas guiadas ás exposicións temporais, postais de artistas a disposición dos visitantes, e un Especial Aniversario para a noite do sábado no restaurante Miguel Oliveira.

#### Horarios especiales de apertura

Durante el fin de semana del Aniversario, el Museo permanecerá **abierto al público en un horario más amplio** de lo habitual: el sábado hasta la una de la madrugada; y el domingo hasta las 21.00.

**Viernes 14 y domingo 17:** de 11.00 a 14.30 y de 17.00 a 21.00

**Sábado 15:** de 11.00 a 14.30 y de 17.00 a 01.00

## PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

---

# artfutura

## 2014 A Promesa Dixital

### Maratón ArtFutura / Especial 12º Aniversario MARCO

Proxección en continuidade do programa audiovisual desta edición

Horario: venres de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00; sábado de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 01.00; domingo de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00

Lugar: salón de actos

Producción: ArtFutura



Baixo o título '**A Promesa Dixital**', o programa deste ano presenta en exclusiva o documental do mesmo nome (coproducido por Bun Media, TVE e TV3), sobre a evolución da cultura dixital e o seu paralelismo co desenvolvemento de ArtFutura a través das súas 25 edicións. **The Creators Project**, con propostas de artistas como Ai Weiwei e Olafur Eliasson, únese ás novas seccións **Artworks** e **Feeding the Web**, xunto a as clásicas **3D ArtFutura Show**, **Futura Graphics**, e a retrospectiva **25 x 3D**. En total, seis horas de proxeccións coas últimas achegas no campo da creatividade dixital.

+ INFO en [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com) y en [www.artfutura.org](http://www.artfutura.org)

# artfutura

## 2014 A Promesa Dixital

### Maratón ArtFutura / Especial 12º Aniversario MARCO

#### CALENDARIO E HORARIOS PROYECCIONES

HORARIOS	VENRES 14 nov	SÁBADO 15 nov	DOMINGO 16 nov
De 11.00 a 14.30	<p><b>Programa A</b> A Promesa Dixital (70') Artworks (22') The Creators Project (40')</p> <p><b>Programa C</b> Eclectic Method (Jonny Wilson) (32') Feeding the Web (23') 25 x 3D (Retrospectiva) (55')</p>	<p><b>Programa B</b> 3D Artfutura Show (55') Futura Graphics (60')</p> <p><b>Programa A</b> A Promesa Dixital (70') Artworks (22') The Creator's Project (40')</p>	<p><b>Programa A</b> A Promesa Dixital (70') Artworks (22') The Creators Project (40')</p> <p><b>Programa C</b> Eclectic Method (Jonny Wilson) (32') Feeding the Web (23') 25 x 3D (Retrospectiva) (55')</p>
De 17.00 a 21.00	<p><b>Programa B</b> 3D Artfutura Show (55') Futura Graphics (60')</p> <p><b>Programa A</b> A Promesa Dixital (70') Artworks (22') The Creators Project (40')</p>	<p><b>Programa C</b> Eclectic Method (Jonny Wilson) (32') Feeding the Web (23') 25 x 3D (Retrospectiva) (55')</p> <p><b>Programa B</b> 3D Artfutura Show (55') Futura Graphics (60')</p>	<p><b>Programa B</b> 3D Artfutura Show (55') Futura Graphics (60')</p> <p><b>Programa A</b> A Promesa Dixital (70') Artworks (22') The Creators Project (40')</p>
De 21.00 a 01.00		<p><b>Programa A</b> A Promesa Dixital (70') Artworks (22') The Creators Project (40')</p> <p><b>Programa B</b> 3D Artfutura Show (55') Futura Graphics (60')</p>	



## PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

### 'CÓNTAME UN NÚMERO'

Obradoiros infantís para público familiar

Para nenos/as a partir de 3 anos sós ou acompañados de persoas adultas

Horario: sábado e domingo de 12.00 a 14.00 e de 18.00 a 20.00

Lugar: Laboratorio das Artes (1º andar)

Entrada libre e gratuíta ata completar aforo



Nestes meses, o programa educativo do MARCO desenvólvese en torno á exposición de IGNACIO URIARTE, 'Uns e ceros', sacando partido dos contidos da mostra e das súas posibilidades didácticas. Mediante divertidos crebacabezas matemáticos, repeticións e combinacións de números e letras, exemplos de escritura a man e a máquina, xogos de situación no espazo, e experimentos de percepción baseados en contrastes binarios (luz-sombra, branco-negro, positivo-negativo), falamos do modo de traballo do artista e tamén, do potencial creativo dos espazos cotiáns.

Para a celebración desta fin de semana, amplíase o horario dos talleres para familias, con propostas relacionadas con distintas obras da exposición. Os adultos acompañantes poderán participar das actividades conxuntamente no taller do Laboratorio das Artes, ou dedicar esas horas a visitar as exposicións ou gozar da programación especial ArtFutura no salón de actos.



## PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

---



### RESTAURANTE MIGUEL OLIVEIRA

#### Proposta Especial Aniversario

Horario: sábado a partir das 20.00

Lugar: MARCO, planta baixa

O restaurante Miguel Oliveira súmase á celebración do 12º Aniversario do MARCO con propostas moi especiais para os seus clientes: servizo de coctelería, copas e snacks, intervencións escénicas a cargo de Nelson Quinteiro, e un concerto do grupo The Pretty Shirts.

### Nelson Quinteiro

#### #HABITANTE

Proxecto multidisciplinar de encontro co espectador en intervención escénica

Horario: sábado de 21.00 a 01.30

Lugar: Restaurante Miguel Oliveira



O proxecto #habitante baséase na creación de diversos espazos escénicos. Nel, invítase o espectador a facer un percorrido polo espazo do restaurante en conversación co artista-intérprete, debatendo sobre expectativas, ideas preconcebidas e conclusións sobre cada lugar. A partir de aí, ao chou, o espectador escollerá un número que se corresponderá cunha das múltiples micro-pezas escénicas asignadas a cada espazo en particular. As visitas, logo de cita, serán individualizadas ou en grupos moi reducidos, cunha duración de 5-10 minutos por visitante.

## PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

---

### Concerto

#### THE PRETTY SHIRTS

Rock & Roll / Garage Band

Miguel Lomba (vocalista), Miguel Castro (guitarra e coros), M. Pacheco (baixo) e Manuel González (batería e coros)

Horario: sábado de 23.00 a 00.30

Lugar: Restaurante Miguel Oliveira



**The Pretty Shirts** é hoxe unha banda renovada e desbordante de novos proxectos. Un son madurado durante dous anos a base de ensaios e concertos por Galicia e Portugal, ademais do seu primeiro EP de intenso rock&roll e garage rock.



Servizo de **coctelería, copas e snacks**

Horario: sábado a partir das 20.00

Ademais deste Especial Aniversario o sábado pola noite, durante a fin de semana o restaurante Miguel Oliveira permanecerá aberto ao público durante o día, con servizo de **restaurante e cafetería** o venres de 11.00 a 21.00 e o sábado de 11.00 a 20.00.

## PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

---



### VISITAS GUIADAS

Percorridos polas exposicións temporais do MARCO, guiados polos monitores de sala

Horario: venres e domingo ás 12.30, 17.30 e 19.00 / Sábado ás 12.30, 17.30, 19.00, 21.00, 23.00 e 00.00

Lugar: salas de exposición da planta baixa e do 1º andar

### SCORE. O espazo entre imaxe e son

Comisarias: Sarra Brill e Anna Cestelli Guidi

Lugar: salas de exposición da planta baixa

Un proxecto expositivo que xoga con diferentes significados do termo *score* como medio para navegar a través dunha serie de obras de cine, vídeo, e instalacións.



### IGNACIO URIARTE. Uns e ceros

Comisario: Juan Canela

Lugar: salas de exposición do 1º andar

*Uns e ceros* toma o seu título da obra do mesmo nome: unha serie de follas A4 sobre as cales uns e ceros escríbense de xeito aleatorio con diferentes modelos de máquina de escribir, intentando emular a linguaxe dixital.





## PROGRAMACIÓN E ACTIVIDADES

---

### ARTISTAS

#### 4º Proxecto de visibilización das obras das alumnas da Facultade de Belas Artes e de Ciencias Sociais e Comunicación, Universidade de Vigo

Exhibición de postais, a disposición do público, das obras participantes neste proxecto

Comisarias: Almudena Fernández Fariña e Mar Caldas

Lugar: vestíbulo principal

Datas: a partir do mércores 12 de novembro

Organiza: Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo



O proxecto **ARTISTAS** é unha iniciativa destinada a apoiar ás mulleres que desexan comezar a súa andaina no campo da arte, facilitando a súa incorporación ao espazo artístico profesional, buscando novas redes de difusión, promovendo e dando visibilidade aos seus traballos. O proxecto consolídase nesta 4ª edición dando un paso máis cara aos seus obxectivos. As obras, seleccionadas a través de convocatoria pública, reproducense nunha ampla edición de postais que o público pode levar de balde, colocadas en expositores sitos nos centros dos tres campus da Universidade de Vigo ademais do MARCO e o CGAC.

---

Se desexa recibir máis información, diríxase a:  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento de Comunicación (Marta Viana)  
R/ Príncipe nº 54 - 36202 Vigo  
Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00  
Email: [marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com) [info@marcovigo.com](mailto:info@marcovigo.com)  
[www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com)  
<http://www.facebook.com/MARCO>